

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/15/2024	GOB1810C2
324A5N0860604J1118MC	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DEZAOITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> OLGA AMENEIRO LOPEZ D/D<sup>a</sup> MARIA DEL CARMEN LORENZO TOJEIRO D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do dezaeito de abril de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### **2 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO ANO 2024 POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES PARA ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA TITULARES DE BIBLIOTECAS E/OU AXENCIAS DE LECTURA PÚBLICAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA.**-Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Aceptación da subvención concedida no ano 2024 pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.(Código de procedemento CT235A).*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

**ANTECEDENTES:**

*Mediante Xunta de Goberno Local de 15/02/2024 (GOB18104A), apróbase a solicitude de Subvención por importe de 7.000,00€, á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades destinada as entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura integradas na rede de bibliotecas, ao abeiro da orde de 26 de decembro de 2023, publicada no dog nº 14 de 19/01/2024.*

Os programas para os que se solicita financiación son; O programa A (Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico - 3.000,00€), e o programa B (Mellora das coleccións bibliográficas-4.000,00€).

No Diario oficial de Galicia de 4 de abril de 2024 nº 66, publícase a Resolución de 22 de marzo de 2024 da Dirección Xeral de Cultura, pola que se dá publicidade as axudas concedidas ao abeiro da orde referenciada no parágrafo anterior, na que ao concello de Narón concédenselle 6.707,65€ para ambos os dous programas, desglosados nos seguintes importes:

- A (Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico), 2.479,33€.
- B (Mellora das coleccións bibliográficas), 4.228,32€.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Orde de 26 de decembro de 2023, publicado no Dog nº 14 de 19 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Resolución da Dirección Xeral de Cultura de 22 de marzo de 2024, publicada no dog nº 66 de 4 de abril de 2024, polo que se dá publicidade as axudas concedidas ao abeiro da Orde de 26 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas ou axencias de lecturas públicas integradas na Rede de Bibliotecas públicas de Galicia, para adquisición de novidades editoriais en galego e para mellora das coleccións bibliográficas para o ano 2024 (CT235A).

Por todo o exposto, a Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, informa á Concelleira Delegada de Cooperación no Ensino e Bibliotecas, para que propoña á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1º -Aceptar a subvención concedida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por importe total 6.707,65€, desglosados en 2.479,33€ para o programa Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico(A), e 4.228,32€ para o programa de Mellora das coleccións bibliográficas (B), ao abeiro da convocatoria publicada no dog nº 14 de 19 de xaneiro de 2024, orde de 26 de decembro de 2023.

2º -Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo:

IMPORTE TOTAL DO PROXECTO	
A)Dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.	2.479,33€
B) Mellora das coleccións bibliográficas	4.228,32€
Importe da subvención concedida	6.707,65€
Importe da achega municipal	0,00€
Aplicación orzamentaria programas A e B	3321.62900

Subconcepto económico de ingreso:75080”

E unha vez fiscalizado coa toma de razón o informe transcrito pola Intervención municipal con data 12/04/2024 (ICO18I04I) o documento SSO18I0UX do expediente ENS/5/2024, códigos de proxecto 2024 2 00000 6 (dotación de novidades editoriais) e 2024 2 00000 7 ( mellora de coleccións bibliográficas), quen subscribe, Concelleira de Cooperación no Ensino e Bibliotecas (delegada por Resolución da Alcaldía de data 22/06/2023), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3 .- DAR CONTA DA SOLICITUDE DA SUBVENCION PARA O APOIO, PROMOCION E DIFUSION DO XXIV OENACH ATLANTICO 2024.**- Dase conta do seguinte: “A técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación, en data 16/04/2024, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código TUR18I038 que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	TUR/9/2024: Subvención para o apoio, promoción e difusión do



	<i>XXIV Oenach Atlántico 2024</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Dar conta da solicitude de subvención</i>

Con data 15/04/2024 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código TUR18I034 que di:

“

Con data 11/04/2024 a técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código TUR18I02Y que di:

“

<i>TIPO DE DOCUMENTO</i>	<i>Informe-Proposta de Resolución</i>
<i>EXPEDIENTE</i>	<i>TUR/9/2024: Subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach Atlántico 2024</i>
<i>DESTINATARIO</i>	<i>Alcaldía / Servizos Económicos</i>
<i>ASUNTO</i>	<i>Solicitude de subvención</i>

Os días 26, 27 e 28 de xullo, celébrase en Sedes, como cada ano, a “Recreación dun Oenach Atlántico”, como evento cultural de achegamento do patrimonio cultural galego á cidadanía, traballo comunitario coa poboación e integración de diversos ámbitos ou áreas do patrimonio cultural. Esta festa, que conta coa declaración de festa de interese turístico de Galicia (acordo do Consello da Xunta de Galicia de 5 de xuño de 2014 publicado no DOG do 13 de xuño), será organizada polas Concellerías de Turismo, Cultura e Festas, en colaboración co Padroado de Cultura do Concello.

No DOG núm. 52, do 13 de marzo de 2024, publicouse a RESOLUCIÓN, da Axencia de Turismo de Galicia, do 4 de marzo de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e a difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Segundo o artigo 1, apartado 5 de ditas bases, considéranse gastos subvencionables aqueles relacionados coa promoción e difusión turística da festa como publicidade, cartelaría, anuncios nos diferentes medios de comunicación, actuacións artísticas, material gravado referido á festa, etc.

As actuacións subvencionables, á vista do artigo 2, apartado 2, poderán acadar un máximo de axuda de 4.000 €, sempre que os gastos subvencionables sexan iguais ou superiores a este importe.

Por outra banda, segundo o apartado 4 do mesmo artigo, a Axencia de Turismo de Galicia asinou un convenio marco coa entidade financeira ABANCA para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co cal a entidade comprométese a realizar unha achega de 1.500 €, sempre que o Concello manifeste a súa conformidade e inclúa na súa publicidade o distintivo corporativo da entidade.

Á vista do establecido no Proxecto Básico “Oenach Atlántico 2024”, subscrito polo Animador Sociocultural do Padroado de Cultura do Concello de Narón, e do plan de financiamento provisional elaborado por esta funcionaria, o importe total do proxecto é de 51.500,00 €.

Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2024 (neste momento estase a traballar co presuposto 2023 prorrogado). Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que as solicitudes de subvencións ou propostas

de achega a outros organismos ou institucións que se sometan á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código TUR18I02X.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de indole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria dese órgano sen que expire o prazo de solicitude indicado na Resolución, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita solicitude e do acto de avocación.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe eleva á Alcaldía-Presidentencia a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente o seguinte plan de financiamento para o XXIV Oenach Atlántico 2024, de acordo co establecido no informe adxunto de código TUR18I02X e que aquí se amosa resumido:

Proxecto	XXIV OENACH ATLÁNTICO	
Importe total		51.500,00 €
Financiamento externo		5.500,00 €
Achega municipal		46.000,00 €
Partidas	1320 22701 (Policía Local – Seguridade Privada)	2.000,00 €
	4590 22799 (Obras e Servizos-Outros traballos)	6.000,00 €
	3380 22602 (Festas - Publicidade)	1.000,00 €
	3340 22609 (Cultura – Actividades)	18.000,00 €
	3380 22609 (Festas – Actividades)	2.000,00 €
	4320 22609 (Turismo – Actividades)	17.000,00 €

Logo da publicación da concesión provisional, na que se coñecerá o importe exacto que se concede, procederá a aprobación definitiva do plan de financiamento, o que comportará a correspondente contabilización desde o Servizos Económicos dos importes aprobados.

**TERCEIRO:** Solicitar da Axencia de Turismo de Galicia a Subvención para o apoio, promoción e difusión do XXIV Oenach Atlántico 2024, por importe de 4.000 €.

A través desta solicitude, o Concello de Narón acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde para o devandito proxecto.

**CUARTO:** Manifestar a conformidade deste Concello na colaboración de ABANCA para o desenvolvemento desta festa, mediante a realización dunha achega económica de 1.500 €, respectando en contrapartida o relativo á publicidade da entidade e á autorización da comunicación dos datos deste Concello á mesma para formalizar a citada colaboración.

**QUINTO:** Designar á Alcaldesa-Presidenta, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relacións cos mencionados organismos para os actos derivados da execución deste acordo.

“



Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO18I04L**, esta Alcaldesa

**RESOLVE:**

Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

“

En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

“

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO18I04R**, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE ABRIL E ADICIONAL DE MARZO DE 2024.-**

(...)

**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de abril de 2024, por importe de **8.506,90 €** e **48 recibos**.

**SEGUNDO:** Aprobar o padrón fiscal adicional das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de marzo de 2024, por importe de **1.528,85 €** e **22 recibos**.

**TERCEIRO:** Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**CUARTO:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**QUINTO:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos

xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**5 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS DO MES DE ABRIL DE 2024.-**

(...)

**Primeiro:** Aprobar o padrón fiscal das taxas polos servizos prestados nas Escolas Infantís Municipais, do mes de abril de 2024, cun total de 232 contribuintes e por importe de 6.618,26 €.

**Segundo:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**Terceiro:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**Cuarto:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**6º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4